

PRIMEIRO DÍA: Saída do local da asociación sobre as 6:30 da tarde. Hora estimada de chegada ao noso aloxamento sobre as nove da noite

- *Intalámonos e ceamos.*
- *Un pouco de charla e comentar o itinerario do día seguinte.*

SEGUNDO DÍA:

- *Érguemonos e tomamos o almorzo.*
- *9:30 Saímos para visitar diversos lugares: .*
 - * *Souto de Mostraz.*
 - * *Castelo de Carbedo*
 - * *Alto do Couto*
 - * *Horreos*
 - * *Ferramulín.*
 - * *Cascada de Vieiros*
 - * *A Seara.*

TERCEIRO DÍA:

- *Visita do val das mouras*
- *Castro da torre*
- *Xantar,*
- *Volta cara a casa.*



INTRODUCCIÓN AO COUREL

Achégate con nós a descubrir o courel



1, 2 E 3 DE OUTUBRO

Máis información. Mail: escola@neboa.org Telf: 669 111 183

Organiza:



Parocina:



Imprenta SAN ESTEBAN* - Perillo (Fene)

O Courel é unha zona de especial protección polos seus valores naturais. Ten unha extensión de 21.020 hectáreas considerándose a máis completa das serras galegas xeolóxicamente falando. A serra está formada por esquistos (lousas) e areniscas con afloramentos de cuarcitas e calizas grises que permiten a formación das covas.

Entre os seus profundos vales e altas cumbres míxturase o bosque mediterráneo e o atlántico. Así podemos atopar bosques frondosos con cantidade de especies como castiñeiros, carballos, sobreiras, aciñeiras, faias, teixos, acivros,... que gardan unha grande biodiversidade. É favorecido pola xeoloxía, numerosos saltos de auga e fervezas. Atopamos aquí a considerada xoia natural de Galicia: a Devesa da Rogueira

O Courel estivo habitada polo ser humano dende moi tempranos tempos como indican os restos atopados en numerosas covas (como a do Oso en Moreda). E continuaron como indican os diferentes asentamentos como os castros de Torre, Vilar, Megoxe, Devesa do Rei, Miraz, Megoxe Cido, Torre Pastora, Froxán, ...



Casto do Vilar, é un dos máis grandes e está construído no alto, en zona escarpada, desde onde se ve o río Lor circundando o monte Penido.

Os romanos, no seu paso por Galicia tamén deixaron nesta zona a súa pegada relacionada coa exploración do ouro, así atopamos o Túnel-acueducto de Romeor que levaba auga ás minas de Torubio e Millares; a mina de A Toca,... No monte Cido atopouse unha aguiña romana con un estandarte, e unha taboa de hospitalidade dos Longei (hoxe no Castelo de San Antón).



Da época medieval atopamos os restos de fortalezas como a de Carbedo, cedido en 1181 por Nuño Peláez á orde de Santiago, o castelo foi confiscado por Alonso IX pero a orde recuperouno en 1220. Pola súa posición era unha atalaia que posiblemente fose utilizada dende moito antes da construción o Castelo. Rodríguez de Valcarce construíu outro Castelo preto deste para presionar aos membros da Orde de Santiago pero chegaron a un acordo e derribou o seu castelo.

O feito máis coñecido da zona, e destacado, foi que os monxes de Sobrado, como pago os favores a Dona Fruela, ocultaron ao seu fillo, o futuro rei Alfonso II o Castro, das iras do seu tío que ocupaba nese momento o trono. Ocultárono en Sobredo, estudiando na igrexa monasterial de Visuña.

Como elementos etnográficos podemos atopar albarizas, herrerías, guripas, ...